


# *desagravio ao mar*



fotografía:  
Peter Schneider

textos:  
Rosa Aneiros  
Emílio Xosé Ínsua  
Carlos Negro  
Marilar Aleixandre  
Miro Villar  
Eduardo Estévez  
Alexandre Nerium  
Francisco Fdez. Naval  
Paco Souto  
Xesús Pereiras  
Marta Dacosta  
Manuel Rivas

Acto literario que tivo lugar no Porto de Lira (Carnota), con motivo da Asemblea Xeral da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA). A asociación ADEGA agradécelle a todos os escritores e escritoras a sua participación desinteresada.  
Carnota, 25 de xaneiro de 2003

### *A marea negra tínguiume as letras con chapapote*

Pregúntome quen me limpárá o fuel do xabre, das penas, das plumas e das guerlas. Será a Administración, os veciños, os ecoloxistas, o exército ou os voluntarios. Pregúntome quen varrerá esta lambida mortal da miña pel e do iris sen arrincarme cachos de carne e ondadas de sangue. Pregúntome quen me indemnizará con cartos europeos anticipados pola Xunta polas perdidas desta cólera, desta tristura, desta intemperie. Quen me devolverá a esperanza cando me mataron, outra vez, este mar no que habito e no que me habitan as palabras.

Certo, non son poeta. Nunca o fun. Na alfombra de hidrocarburo que tolda os pensamentos aboian as víctimas da nosa desesperación e non hai farallón posible ó que aferrarse para sobrevivir. Non existe misericordia. Homes e mulleres denuncian e os outros, os que miran de fronte á foto, sorrín ante os titulares de prensa a cinco columnas. A súa comparecencia mídese directamente en rendibilidade electoral. Ela será quen determine o verdadeiro peso da súa victoria. Quen se lembrará de nós dentro duns meses cando deixemos de ser focos informativos e as manchas de fuel manchen as nosas penas e o noso xabre. Quen escoitará a nosa pregaria cando as alentías sigan a botar veleño e sintamos fame e frío por esta peste económica e sentimental. Quen se atreverá con cartiños no peto para pagarnos os custes desta incerteza.

Vulneraron a primeira e única norma dos percebeiros: viráronlle as costas ó mar. Ningún compañaño estaba a axexar e deu onde más doía. O seu golpe de alentía foi certeiro e bateunos no medio e medio do noso corazón de pobo. Sen piedade. E namentres os outros fuxían escorrentados polo fuel, nós tivemos que afrontar a recollida dos restos da batalla perdida. Foi o seu único lamento posible. A súa maneira de protestar por tanto vertido incontrolado, tanta zona de recheo, tanto porto exterior, tanta falta de normativas, tanta sobreexplotación, tanta avaricia. Viráronlle as costas e el, coma un neno, chorou bágoas de petróleo.

Certo, non son poeta. Non teño o poder das palabras pero si o da vontade. Tampouco suplico senón esixio. Esixo que me devolvan o mar de ondas abutanasas onde navegan as laranxas do meu avó, aquelas que un barco ferido botou na Frouxeira e lle levaron o sabor doce dos primeiros cítricos. Esixo ese océano que atravesou en 1920 na procura dun Eldorado que valeu para mercar esos ferra-



dos de terra nos que habito. Esixo que me devolvan a ribeira do meu bisavó, ese no que aboian os reloxos de prata de todos os cadáveres que recolleu na Praia de San Martiño cando a primeira guerra mundial converteu as nosas costas en foxas comúns de apelidos estranjeiros. Esixo tamén que me devolvan as ondas azuis nas que o meu pai xogou a vida durante tantos anos, esas coas que me ensinou a dicir rei, merlón, robaliza e santiaguiño. E India de fóra. E Baxanca. E Castelos. E Pena Parda. Onde aprendín o significado do meu propio nome. Esixo o mar no que anainou a miña irmá, o que me trouxo os barallocos das falcatruadas do meu irmán, o que me soubo a nocilla cando agardaba os tramillos da pesca na noitiña. Esixo que mo devolvan porque é meu, porque é noso. Porque nel permanece a nosa memoria de nación atlántica, a Historia con maiúsculas que nunca escribimos e o futuro que lle debemos ós nosos fillos. E eu, que non son poeta, gardo a esperanza dos percebeiros e sei que volverán as lagarteiras. Han volver.

As lagarteiras. Esas as mareas vivas que, dependendo do calendario da lúa, adoitan acadar o coeficiente máis alto anual no mes de setembro. Nesa lúa, cando existe unha maior distancia entre o punto máximo da enchente e o máximo da baixamar prodúcense (segundo o estado do mar) as mellores mareas do ano para os percebeiros. Ó quedaren más penas ó descuberto das ondas resulta posible cavar os percebes de maior calidade. O meu veciño, Vicente de Culás, di que lle chaman así porque na suba da marea as ondas chegan a bicar as rochas nas que os lagartos se poñen ó sol. Eu agardo, coma eles, coma os percebeiros, coma todo un pobo esas lagarteiras, as boas mareas, tempos mellores que sen dúbida, han vir. Virán.

Rosa Aneiros

## *Prestige*

Non merecíamos o vómito negro sobre a nosa vida.

Era outra a perspectiva que animaba o duro día a día,  
traballar arreo, xerar riqueza, tirar pra adiante,  
Galiza tiña e ten que proseguir.

Foi atroz descubrir os verbos da incompetencia  
conxugados no máis fundo dalgunhas bocas.

Foi duro saberse abandonados nunha maré aciaga e moura  
que parecía sepultar para sempre e sen remedio o porvir.

Coa preta arcada tensáronsenos os músculos da alma  
e desligáronsenos no peito as cordas que nos amarraban  
a un país demasiado amiúde envolto en brétema e medo.

Aínda na desgraza, puxemos porfin sobre a mesa,  
transparentes, os cadáveres do infundio e a falsidade,  
as raspas dunha prepoténcia burda e oca,  
os fluxos visquentos da mentira feita xeito de goberno.

Agora, mentres reedificamos con paciencia a vida estragada,  
mentres invocamos en cada pedra, cada praia, cada furna,  
un novo cántico rebordante de salitre, escuma e ceo,  
vemos resplandecer en cada frente unha nova estrela  
e soñamos ali onde a consciencia se tinxe de azul e branco  
que por fin chegaron os tempos que tiñan que ter chegado.



## *Coplas do desprestíxio*

Érase un barco pirata  
dos que estercan o planeta:

Tirilirán tirilirón

Inchado de chapapote,  
afociña na Fisterra:

Tirilirán tirilirón

Enfermou de cagarria,  
vén ciscando peste negra:

Tirilirán tirilirón

Mar arriba, mar abaxio,  
a manchiña medra e medra:

Tirilirán tirilirón

Á deriva por Galiza,  
en Madrid non ven problema:

Tirilirán tirilirón

E o barquiño que escachiza,  
hai que ver qué mala estrela:

Tirilirán tirilirón

Qué eficiencia a do goberno,  
non distingue o mar da merda:

Tirilirán tirilirón

Só distingue plastilina  
sobre mares de galleta:

Tirilirán tirilirón

Na Moncloa o presidente  
non ten flota de limpeza:

Tirilirán tirilirón

Ten amor ós mariñeiros,  
ten alerxia pola area:

Tirilirán tirilirón

E se faltan pan e peixe,  
hai caciques a mancheas:

Tirilirán tirilirón

Han de dar promesas tortas,  
caridade por moreas:

Tirilirán tirilirón

E o patriarca de Vilalba  
faise vello na gallega:

Tirilirán tirilirón

A vender resignación  
e cen veces morte cega:

Tirilirán tirilirón

Para que as urnas repitan  
perpetuas noites de pedra:

Tirilirán tirilirón

Esta copla non recende,  
máis ben fede que alcatreo:

Tirilirán tirilirón

E se o cheiro non vos chista,  
tedes voz para a protesta:

Tirilirán tirilirón

Este versos son da xente,  
refugallo da marea:

Tirilirán tirilirón

Carlos Negro

## *Remontando a maré* (4 de decembro)

que non sei se respiras ou calmeas  
derrubado, país, sobre o coído  
país, amante, longa foi a noite  
quen sabe cando o limpo será limpo  
¿foi amor ou tumulto? das beiradas  
tiramos a podremia coas mans núas  
¿tumulto ou resistencia? beber sudre  
remontar a maré, tomar as rúas

da Vaca de Fisterra amargo ouleo  
nas sirenas resoa de faro a faro  
clamando polos mortos, capitáns  
de gamelas perdidas nos naufraxios  
dornas, bujetas, lanchas de relinga  
crebadas nas arestas dos baixíos  
valédenos na cerna da negrume  
en tempos de extravío

o corpo nu, envolto só na rede,  
baixo o lameiro negro limpa a man  
resistimos, amor, cando pretenden  
tomar o nome do arao en van

Marilar Aleixandre  
(Fisterra, decembro 2002)

### "Dioní"

En cada mariñeiro dorme un ser mitolóxico,  
con dous potentes brazos que nas extremidades  
se bifurcan en oito tentáculos ventosas,  
e cando no horizonte venta a voz do perigo  
espertan oito brazos a apegarse na vida.

### "CHE"

No deserto que somos calquera pescador  
é home que multiplica peixe e pan para os seus,  
en completo silencio reinventa o evanxeo  
segundo San Mateo. Nunca haberá cronistas  
para daren noticia do cotián milagre.

### "XIROLO"

¿E se a boca da nasa sempre fose un silencio?  
¿E se no útero, dentro, non houbese placenta?  
¿E se as noites e os días fillasen tempestades?  
¿E se nunca amencese nin se vise a ardora?  
Meu capitán, o inferno. Meu capitán, o inferno.

### "CAMA DE PIEDRA"

Os listos ollos aguias do mariñeiro nunca  
leron libros de Stevenson, Melville, London, Verne,  
pero os dedos buliron en páxinas de tinta  
onde estaban escritas as marcas do mar, cofres  
ocultos que abre a chave do aparello da vida.

### "QUINÓN"

As nubes da incerteza ferientes coma o sol,  
sempe sodes Ulises, hai sempe unha Penélope  
que agarda con tecidos. E Ítaca está distante  
mesmo que fose a penas unha marea de horas,  
e Ítaca está distante mesmo que sempe volvas.

### "MANSA"

Lobos de mar é o nome que vos dá quen ignora  
a mansedume de ollos e corazón, quen segue  
os tópicos da escrita, quen descoñece áinda  
que a boia é unha marca non só para aparellos  
senón para levardes o umbilical da terra.

*onde vai maría*

o teu home

vai no mar  
a limparnos as penas

onde vai o teu fillo  
maría

nos rochedos onda a punta do alén  
a espreitar a morte  
cada nove ondas

a morte do mar  
a de noso

onde está teu home maría

no mar  
marchou ben cedo  
limparnos o corazón a area  
de toda esta podremia

limparnos as plumas  
de tanta sombra

aperta fillo  
os dentes

empurra os remos con forza  
coma se os cravases no peito  
do mar

e olla como as ondas  
macias fluen debaixo

como nos afundimos  
nos pulmóns da noite

se levas a man  
á boca  
e lames de vagariño  
entre a pel e as unllas  
sentirás o salitre  
que desas furnas  
do corpo nunca foxe

mesmo do teu  
que agora só pode  
alongar a vista no mar  
cos ollos da memoria

no cuarto de pensión  
dunha cidade estraña  
mais deixaches nalgures a alma

cal é a forza  
que che suxeita o corpo  
a vontade

cal o pavor  
co que ollas o mar  
cando os teus fillos non chegan  
e vaiche sendo noite pecha  
no corazón

e pola noite  
o bruar nas fendas  
as contras a bateren  
que volve zoar surleste  
e mañá outra volta  
habemos lanzar as redes  
para recoller os restos  
do mar  
os nosos despoxos



onde vai maria  
o teu home

deixouche limpo  
o corazón de area?

deixoute no peito  
a súa pegada negra  
a súa dor ao marchar

olla para o mar  
o desacougo das ondas

lamber dos brazos  
o sal das redes

e deixar arrecunchar  
a tristura no horizonte

espallarse más aló  
do ceo do naufraxio  
por quen esperas  
maria

xa non hai ninguén  
a che limpar as ás

e se o teu home vén  
se o teu fillo  
cando é noite pecha  
coa noite  
pecha no corazón  
non has chorar

acende o lume  
para arredar o frío  
do corpo  
o negro da alma

Ó meu mar, coa alma chea de piche

### *Márdeas de negro cuspe*

...Asemade que as sabas xacoden os perfís  
dos temporais, que as unllas esgandullan os iris  
dos portillos, que os vértices do catre se eternizan;  
neste ciarinxente de lastrada preguiza  
largáronnos cos ávregos á beira do cantil...

Cada cadro éche un intre que en cada rada arriba  
cos óleos xa resecos de tanta pincelada;  
o lenzo: as oquidades onde oscultar a vida  
pegada ó galipote, ós eidos, á resaca  
asoleirando o espacío que o esfumino disipa.

Para sobrevivirme da cor que me delata  
embarqueime á chalana que tiña abarloada,  
con ímpeto, coa máscara, cos céfiros de proa;  
sen pensar que, de noite, precisase as bengalas  
se acaso para verme na nítida zozobra.

Os marcos interróganme, cóbrenme de agres olgas,  
afanme a sometervos á miña escravitude,  
a herdar nestoutras témporas o peso que as escouras  
lastraron no estaleiro (a ausencia) pé da dorna  
sobordada no algarve de inmemorial queixume.

Dentro del: certa lenda que aventa os trancanís,  
o estadio dun espello cara ó final do túnel,  
vinteún anos e un día despezando o volume  
dun enorme patache de cheminea anil  
que deixou tras das costas márdeas de negro cuspe.

## *Balada do home do mar*

Bernaldo observa a luz primeira do areal,  
o iniciarse do día sobre a casa das deusas,  
as escuras xanelas de Panchés,  
a somnolencia gris da escuma contra a praia.  
Gobernando o timón, na popa do nordés  
Bernaldo intúe a fenda das valgadas,  
o solemne transpirar dos castros,  
as columnas de fume que por tras dos piñeiros se elevan coma ánimas.  
Bernaldo, o do riso dourado,  
regresa cada tarde, pero nunca regresa,  
que o seu alento é unha constancia de cons,  
seu sangue un remuño de argazos,  
a súa ledicia un vertixe de mascatos.  
Regresa Bernaldo, pero nunca regresa,  
que na boca do solpor el tende liñas de seda e palangres de soños  
dende o leito da salga ata o aroma das rosas  
que cada noite o acolle e no que nunca acouga.  
Regresa por amor, por compartir o abrazo,  
por verse home nas humidades dela,  
muller que espreita e busca dende o outeiro  
a vela que teceu e que se inflama  
máis alá das poutadas  
e das horas.  
Regresa Bernaldo, coma un home constante  
pero sempre inconcreto, que nunca enteiro se deu  
a quen non fora experiencia do sal, cacea de esperanzas,  
anémona ou debalo deste mar que se prolonga  
máis alá do horizonte ó que non chegan o caperol nin a enxarcia.  
Pilota sempre Bernaldo, tamén cando durme, incluso cando cala,  
atento ó son espiral dunha bucina  
que anunciará ardora, cardume, esperma de balea,  
aparello estendido nun bostezo de lúa.  
Por fóra da Lobeira  
Bernaldo rema, larga, fondea  
e agarda que o poeta describa con palabras  
esa canción capaz de lle dar nome ó mundo que el navega.  
Pero o poeta minte, deixa pasar os anos,  
incapaz de atopar o verso que desvele o balbordo de morte que arrollan as xarretas,  
as voces dos mastros afogados, a fría cruidade das sereas,  
e sente Bernaldo que as preguntas aumentan e fatigan,  
que son coma un bater irado de pardelas,  
nostalgia doutro mar e doutras sombras.  
Cobiza entón ser coma o corvo cristado  
que no seu voo debuxa o seo inaugural das ondas,  
ou mazarico que danza no gume das mareas,  
ou caldeirón que revive coa caricia do aire,  
todo menos o indolente silencio do fondo, do que non se regresa.

## *Galiza 14 de febreiro de 1998*

A un paso do desastre  
contemplo caladamente o abismo  
e xa non sei aonde mirar  
Chiapas  
Iraq ou Timor Leste  
A esforzada Angola ou Corea  
Sempre Vietnam e sempre Líbano  
Os rostos degolados de Arxel que también me miran  
Bosnia, Somália, Ruanda, Kurdistán  
Terremoto afgano  
Guatemala de fusileiros  
e xa Perú  
Xa Sahara sen referendo  
Amazonia sen árbores  
Brasil sen terra  
Xa Belfast ou Londres de negociazón  
Euskadi non é Irlanda  
xa Nova Iorque e os seus trinta millóns de pobres  
Texas de cámara de gas  
Moscova ou o grande saldo atómico  
Madrid cos seus dispersos  
os galegos centenarios da Arxentina  
Cuba libre!

E nós aquí  
entre os nosos ollos e o que vemos  
*coa nosa voz miope entre o siléncio*  
das mans sempre activas á impotencia  
canto amábel até na denuncia  
Xa espada sen retorno  
Parede no desastre  
Prontos ao abismo  
En pleno salto  
Incendiários



## *Tríbutos a besta negra*

De fóra do mar chegou unha tupida sombra,  
esta ameaza insomne a asediar a costa,  
unha visquenta costra a profanar a area,  
este betume que os reflexos do nácar cega.

Como un arao dos cons empapado en brea  
ou o arroás ferido, golpeado contra as rochas,  
esperanzas abatidas aboianto nas ondas,  
caros tributos do mar a esa besta negra.

Neste mar xa non hai fulgor de escuma viva,  
senón enxurro letal, cantís ennegrecidos  
e un hálito de morte nas praias e coídos,  
onde era atafegado o buligar da vida.

E o mar xa non nos trae aquel bálsamo antigo,  
o arrecendo salgado dos edéns posuídos,  
senón vómito escuro, fermento das sentinelas,  
que enlama os soños que moran entre actinias.

Xesús Pereiras

(En Esteiro de Muros despois de vir das praias do Ancoradouro, de Lira, etc., en decembro de 2002)

## *Mougas*

Do mar  
vén hoxe a noite e a chuvia  
desde as pedras perdidas no encontro da auga,  
desde as crinas das ondas rotas contra o vento.

Do mar  
vén hoxe a noite e a furia,  
o negro vendaval co seu rezo ferinte  
a ansia humana de fuxir para sempre.

Do mar  
vén hoxe a noite e a voz  
un pranto de sereas enloitadas e mortas  
un berro espantoso de peixes atrapados.

Do mar  
vén hoxe a noite e o medo,  
o pavor dun tempo que nos nega e nos funde  
o pánico das horas enchoupadás por sempre.

Marta Dacosta. Decembro 2002

Quero un mar habitado do canto das baleas  
onde a paz dos corais non sexa profanada.

Quero un mar traspasado cando a noite se achega  
por aves non concretas voando cara ás illas.

Quero un mar rodeado de areais sedentos  
que en silencio miran de todas as distancias.

Quero un mar libre, ceibo de peiraos progresistas,  
de homes posesores que trocan as rutinas,  
que acaban co que existe e pensan que poden  
descubrilo e repartilo sen medida.

Marta Dacosta. De "Crear o mar en Compostela"

## A Escoíta

¿Quen é ollo de arcea  
e quen radar do medo?  
Os irmáns. ¡Son as irmás!


¿Quen é quen de vivir  
no sudario da fraga,  
no farrapo da terra,  
na lucente arañeira?  
Os irmáns. ¡Son as irmás!

¿Quen é quen de escandir  
a caraxe do mar,  
quen arrandea  
na gaiola baleira?  
Os irmáns. ¡Son as irmás!

¿Quen é flor de sal  
na bocha da ferida?  
¿Quen raia o día, quen alampa,  
quen neva na bola de cristal?  
Os irmáns. ¡Son as irmás!

¿Quen vai ao remo,  
quen alinda as nubes,  
quen rima chuvia  
no coiro do silencio?  
Os irmáns. ¡Son as irmás!

¿Quen aboia un sorriso  
no amargo do ámbar,  
quen pon loureiro á porta  
cando fechan todas?  
Os irmáns. ¡Son as irmás!



## *Maré negra*

Adoramos un deus maligno  
que, de cando en vez, verte da súa copa de xade  
unha pócema negra sobre o mar  
e cóbrase o seu tributo de vidas.

Contra ese deus érguese o percebeiro  
coa raspeta de ira sobre a rocha petroleada.  
Tamén o ecoloxista, que fai o inventario do espanto  
e alza o cadaver enlixado do mascato  
e berra o seu nome:  
Sula! Sula basana!  
e fai turbillonar o mar  
de rebeldía.